

## Servizo de comedor escolar no CIFP de Vilamarín.

O alumnado acatará en todo momento as normas de funcionamento do comedor especificadas polo departamento de Hostalaría e Turismo do CIFP de Vilamarín. Accederase ao comedor de forma axeitada e coas medidas de hixiene apropiadas.

### Horario Xantar:

**1º quenda: 13:30h - 14:00h ( para alumnado implicado no servizo).**

2º quenda: 14:00h – 15:00h

3º quenda 15:00h- 16:00h

### **Lugar onde se realiza o servizo de xantar.**

1º quenda xantar, desenvolveranse no comedor social, co sistema de autoservizo, ubicado na **planta baixa da residencia aula polivalente.**

2º e 3º quenda realizarase nas **aulas talleres de comedores** según se organicen os servizos, ou no comedor social, co sistema de autoservizo, ubicado na **planta baixa da residencia aula polivalente.**

No caso de que algún alumno/a necesite un réxime alimentario especial, comunicaraselle á vicedirección, **aportando un certificado médico que acredite a necesidade dese réxime e a dieta a seguir.**

Durante o xantar o comedor é unha aula de prácticas, polo tanto tratarán en todo momento de colaborar co profesorado, cos/oas educadores/as, ou coa persoa que realice a vixilancia nesa dependencia, e tamén, de respectar os/ás compañeiros/as que se atopen no desenvolvemento das clases prácticas. Rexirán as normas que se esixen en calquera tipo de restaurante.

O alumnado non se erguerán da mesa ata que rematen tódolos comensais de comer, excepto que se aplique o sistema de "Autoservizo" sobre todo na 1ºquenda.

### **Non se poderá retirar do comedor comida, bebida ou utensilios propios deste espazo.**

Cando se realiza autoservizo debemos colaborar coa orde e limpeza, colocando o material nos sitios destinados.

- As quendas do xantar, estarán adaptadas aos horarios do alumnado e á capacidade do comedor.
- Levarase por parte das educadoras/es un parte de incidencias diario do que ocorra no comedor e darase coñecemento das posibles incidencias á vicedirección.

Vilamarín a 11 de setembro de 2025